

Personaxes

- Narrador/a
- Presidente do Goberno
- María Cristina de Habsburgo (rexente)
- Xeneral/a Primo de Rivera
- Afonso XIII
- Cidadán/cidadá 1 e 2

Introdución

[En escena, aparece María Cristina cun boneco con coroa de rei, actuando de rexente da súa filla Isabel II]

Narrador/a:

-Ao morrer Fernando Alfonso XII, o seu fillo Afonso XIII aínda non nacera. Cando naceu, converteuse en rei sendo un bebé!

María Cristina: *[con voz doce e arrolando o boneco]*

-Tranquilos, mentres o meu fillo medra, eu gobernarei por el. Son a rexente.

Narrador/a:

-Esta é María Cristina, a súa nai, que gobernou ata que Alfonso XIII tivo idade para facelo por si mesmo.

[María Cristina sae da escena]

Escena

(Entra Afonso XIII xa maior, elegante pero nervioso.)

Afonso XIII:

-Agora que son maior, gobernarei eu... A ver como me vai.

Narrador/a:

-Porén os tempos eran complicados: protestas, folgas, pobreza, e ademais España perdera as súas colonias.

[Cidadáns protestan con pancartas e queixas.]

Cidadá 1:

-Non hai traballo!

Cidadá 2:

-Os impostos son cada vez máis altos!

Narrador/a:

-En 1923, apareceu un militar chamado Primo de Rivera e deu un golpe de estado, co apoio do rei.

[Entra o xeneral Primo de Rivera con voz seria.]

Primo de Rivera:

-A partir de agora goberno eu. Nada de parlamento. Farei que todo funcione!

Alfonso XIII: *[inseguro]*

-Pois... proba ti. Eu quedo mirando.

Narrador/a:

-Pero non foi ben. E cando Primo de Rivera marchou, a xente culpou tamén o rei.

Presidente:

-A monarquía xa non funciona. O pobo está a favor da república.

[Cidadáns falan emocionados diante dunha urna electoral e celebran as eleccións municipais de 1931.]

Cidadá 1:

-Gañaron os republicanos!

Cidadá 2:

-Chega a hora da Segunda República!

[Alfonso XIII entra cunha maleta, triste.]

Alfonso XIII:

-Se o pobo non me quere... eu marcho. Que veña algo novo.

[Entra o coro de cidadáns cunha bandeira tricolor.]

Desenlace

Narrador/a:

-Era abril de 1931, e así comezaba a Segunda República Española: un tempo de cambios, reformas... e esperanzas.

Cidadáns/cidadás:

-Viva a República!

Atrezzo

- Boneco con coroa de rei feita con papel.
- Pancartas con “Baixade os impostos”, “ O pobo ten fame”, “Queremos traballo”, “FECO” (Facede España Colonial Outra vez) en referencia ao MAGA (Make America Great Again de Trump, 2025).
- Pancarta con bandeira tricolor republicana.



“ESCENA IV. O rei que naceu cunha coroa baixo o brazo”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)